

**MEMORIA ANUAL**  
**CIM do Concello de Pontevedra**  
**ANO 2021**

## FICHA TÉCNICA

Enderezo	Praza de José Martí, s/n 3º andar		
CP	36002		
Concello	Pontevedra		
Provincia	Pontevedra		
Teléfono	986864825	Fax	986851800
Correo electrónico	igualdade@pontevedra.eu		
Área de influencia	Pontevedra		
Ano de inicio de actividade	2005		
Días e horario de atención a usuarias	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 08:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Días e horario de asesoramento xurídico	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 13:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Días e horario de atención psicolóxica	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 08:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Outros servizos			
Director/a do centro	Rosa Campos Briones		
Asesor/a xurídico/a	Mª Jesús Lago Barreiro		
Asesor/a psicolóxico/a	Rosa Campos Briones		

Axente de Igualdade	Mercedes Renda Melón
Auxiliar administrativo/a	Mercedes Melero Adrio

### 1. Actividades desenvolvidas:

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	OUTORGAMENTO DO II PREMIO LITERARIO "PINTO E			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	29/12/2021 / 29/12/2021			
<b>nº de horas</b>	1			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>A convocatoria publicouse no BOP o 25 de setembro e a data de entrega dos orixinais rematou o 6 de novembro.</p> <p>Reunido o xurado o 23 de novembro, e dada a cantidade de obras (27) e o pouco tempo que tivo o xurado para a súa lectura, acordou pospoñer a entrega dos premios para o día 29.12.21, data na que, unha vez debatidas as distintas propostas literarias entregadas, que foron 27, acórdase por maioría conceder o premio á obra presentada co título:</p> <p>Estranxeiras</p> <p>O xurado destacou na obra gañadora a representación LGBTIQA feita con sensibilidade, por destacar o rural como un espazo de liberdade e reivindicación. Tamén destacan a dignificación das relacións interxeracionais. Interesante que destaca novas formas de linguaxe, como a utilización do pronome neutro. Destaca a construción coral de personaxes, unha obra con sensibilidade e delicadeza. Unha interesante galería de personaxes secundarios</p> <p>Unha obra de lectura áxil, apta para un público amplo. Destaca, así mesmo, os referentes á Cultura LGBT en libros, filmes, música...</p> <p>Unha vez aberta a plica, é coñecido que o autor/a da obra é: Carmen Pérez González-Granxeiro, con DNI N° 33.545.401-Q</p> <p>O Xurado quixo facer una mención especial á obra de narrativa xuvenil A Nave e ao poemario Feitas ao Sisel.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				

Moi boa

#### **DO PÚBLICO ASISTENTE**

Moi boa.

O xurado estivo composto por Nee Barros Fernández, escritore e activista de LGBTIQ+, Ángeles Rial Vidal, docente de lingua e literatura galegas do IES Sánchez Cantón, e Denis Vicente Rodríguez, responsable do equipo de igualdade e apoio LGTBI do IES As Barxas, Moaña.

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	CLAUSURA DO PROGRAMA "NAMÓRATE DE TI. AUTOESTIMA E			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	11/12/2021 / 11/12/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	10			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	So mulleres			
<b>DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
O 11.12.2021 CLAUSÚRASE NA CASA AZUL O PROGRAMA "NAMÓRATE DE TI. AUTOESTIMA E EMPODERAMIENTO A TRAVÉS DA FOTOGRAFÍA", COA PARTICIPACIÓN DE 10 MULLERES.				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
MOI BOA				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
MOI BOA				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Obradoiro de Autodefensa para mulleres ante situacións			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	11/12/2021 / 11/12/2021			
<b>nº de horas</b>	8			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	21			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="3"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="18"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	So mulleres			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>O sábado 11 de decembro celebrouse na Sala Almofrei da Casazul un Obradoiro de Autodefensa para mulleres ante situacións violentas, monitorado por Manuel Herbón Arias, especialista en Defensa Persoal Feminina e membro do Corpo Nacional de Policía e instructor de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.</p> <p>O obradoiro está deseñado como forma integral de empoderamento ante situacións de risco, achegándolle ás participantes un compendio de conciencia, confianza, seguridade e técnica. Este curso comprende un conxunto de coñecementos, actitudes, pautas e técnicas físicas que permitan prever, avaliar e actuar ante situacións de ameazas, riscos ou agresións. Trataranse aspectos legais, psicolóxicos, estratéxicos, físicos e por suposto de prevención, para poder evitar nun momento determinado que chegue a producirse a agresión (recomendacións en portais, garaxes, vehículos, na rúa, ..).</p> <p>Esta actividade xa se fixo en anos anteriores con moi bos resultados e unha alta valoración entre as participantes.</p> <p>Actividade de balde aberta a mulleres maiores de 16 anos.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Mulleres en acción, Violencia zero
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	25/11/2021 / 25/11/2021
<b>nº de horas</b>	0
<b>nº de participantes</b>	
<b>HOMES</b>	0
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>	
<p>Un ano máis a Praza da Peregrina acolleu hoxe ás 12 do mediodía unha nova actuación da Campaña Mulleres en acción, Violencia zero que a Deputación de Pontevedra organiza en colaboración co Concello de Pontevedra.</p> <p>Durante o acto, que finalizou cos discursos da Presidenta da Deputación, Carmela Silva, e do Alcalde, Miguel Anxo Lores, a promotora de igualdade Andrea Campos procedeu á lectura pública do manifesto institucional do Concello de Pontevedra polo Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller 2021.</p> <p>Mulleres en acción. Violencia zero é un proxecto de acción artística que se desenvolve, desde o ano 2015, no espazo público co fin de reivindicar a igualdade de xénero, concienciar a poboación do problema da violencia machista e, sobre todo, para tratar de unir forzas para loitar contra esta lacra presente na sociedade. As actividades funcionan como arma de visibilización e reflexión para promover unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes, sen discriminación nin violencia, cos mesmos dereitos e deberes.</p> <p>A presentación na cidade de Pontevedra correu a cargo de Alba Soto, doutora en Belas Artes e artista multidisciplinar, cunha acción titulada ASTA EN CUEVA, performance na que presenta unha serie de presenzas arquetípicas que conectan co imaxinario persoal da artista, para achegarnos á xenealoxía da figura mitolóxica de Baubo a través da acción simbólica e o esconxuro, como modo de conexión e encontro sanador co ancestral.</p>	
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>	
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>	
Boa	
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>	
Boa	

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Xardíns contra as violencias machistas			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	25/11/2021 / 05/12/2021			
<b>nº de horas</b>	264			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller tamén é visible este 25N nos xardíns de Pontevedra por segundo ano consecutivo. A iniciativa dos xardíns que falan alzou a súa voz contra as violencias machistas que sofren as mulleres e invitan á cidadanía a reflexionar e non calar ante o machismo. Nos xardíns de Casto Sampedro preparouse unha composición de flores e bolboretas violetas e instalouse un banco morado no que pode lerse a seguinte invitación a reflexionar: Senta e pensa No último machismo ante o que calaches #25N.</p> <p>Tamén os da Praza de España amenceron cunha fermosa composición floral, conformando unha senda percorrida por unhas botas desa cor violeta que simboliza a loita feminista. Ao igual que en anteriores intervencións, empregadas por multitude de pontevedreses e turistas para sacar fotografías e subilas a redes sociais, o Concello convida a veciñanza e visitantes a sumarse a esta campaña subindo as imaxes empregando as etiquetas #XardínsqueFalan e #25NPontevedra.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Boa				



<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Faladoiro Outras violencias machistas: a violencia vicaria			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	24/11/2021 / 24/11/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	2			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	12			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Dentro das actividades que a Concellería de Igualdade e o CIM organizan co gallo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, destacou o Faladoiro Outras violencias machistas: a violencia vicaria, na Casa das Campás o mércores 24 de novembro, ás 19.00h.</p> <p>Reflexionouse longo e tendido sobre este tipo de violencia que exercen os agresores sobre os seres queridos da muller, especialmente os fillos e fillas, coa intención de facerlles o máximo dano. Moderouno a directora do Centro de Información á Muller (CIM), Rosa Campos en substitución da concelleira, Yoya Blanco.</p> <p>Nel participaron a integradora social e promotora de igualdade de xénero Andrea Campos, filla dunha vítima de violencia machista; a directiva da Asociación Galega contra o Maltrato a Menores, Lupe Ces, e a presidenta da asociación de axuda a mulleres vítimas de violencia Xtodas, Eyllin M. Colmenares.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Teatro INVISIBLES			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	23/11/2021 / 23/11/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	98			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	227			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Un dos actos centrais da programación da Concellería de Igualdade para este mes de novembro foi a volta da obra de teatro INVISIBLES ao escenario do Teatro Principal o martes 23 de novembro ás 9 da noite da man das actrices Mela Casal, Sheyla Fariña e Nieves Rodríguez.</p> <p>A reserva de entradas fíxose a través da plataforma <a href="https://entradas.ataquilla.com">https://entradas.ataquilla.com</a>, de xeito totalmente gratuíto.</p> <p>O espectáculo, baseado na obra Invisibles, relatos do maltrato da xornalista Montse Fajardo, gañou 3 premios María Casares en 2019 á mellor dirección, iluminación e guion e foi estreado en Pontevedra en novembro de 2018.</p> <p>Asistiron 325 persoas, das que estimamos que un 30% eran homes.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Lectura no Pleno Municipal do Manifesto institucional polo			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	22/11/2021 / 22/11/2021			
<b>nº de horas</b>	1			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Andrea Campos, integradora social, promotora de igualdade de xénero e filla dunha vítima da violencia machista, foi a primeira voz que se escoitou este luns no pleno da corporación. Foi a encargada de dar lectura ao manifesto institucional polo 25N, día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.</p> <p>Nun ano no que Pontevedra dedica esta xornada reivindicativa a denunciar a violencia vicaria, aquela que se exerce sobre as mulleres causándolle dano a través de terceiras persoas, fundamentalmente os seus fillos e fillas, Campos reiterou que un maltratador non é un bo pai.</p> <p>Pero neste 25N, Pontevedra tampouco quixo esquecer o resto de violencias que sofren as mulleres, entre elas a institucional, que padecen cando os responsables de protexelas non teñen en conta a súa palabra e as deixamos desprotexidas ante os seus maltratadores.</p> <p>Ademais, o manifesto cita a violencia sexual, que creceu un 32% no último ano; ou a mercantilización do corpo das mulleres, ante a que Pontevedra reivindica unha lexislación que condene a súa consideración como corpos de acceso libre para o pracer sexual e a reprodución.</p> <p>Por cada paso adiante contra as violencias machistas, denunciou a lectora do manifesto, o sistema patriarcal contraataca con discursos que estaban superados e lexitimando argumentos negacionistas que fan que as vítimas sexan máis vulnerables e cuestionadas.</p> <p>A declaración institucional de Pontevedra polo 25N terminou cunha homenaxe ás mulleres que, a pesar desta realidade ateigada de violencias, foron capaces de facerlle fronte, seguir adiante e loitar por unha vida libre de violencia.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Vermú de Pinto e Maragota CASA! protagonizado por María			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	20/11/2021 / 20/11/2021			
<b>nº de horas</b>	0			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>A festa da diversidade tivo unha nova edición no Gastropazo do Mercado de Abastos o sábado 20 de novembro cun novo Vermú de Pinto e Maragota protagonizado polo dúo poético-musical Aldaolado, composto por María Lado e Lucía Aldao, que ofreceu un percorrido polo seu novo disco Casa!, xogando co público polos recantos da diversidade e empregando a música e a poesía como espazos para os afectos, como lugares aos que chegar e dicir: Casa!</p> <p>O dúo artístico Aldaolado está composto por Lucía Aldao e María Lado, dúas poetas galegas de consolidada carreira, que no ano 2005 decidiron unir os seus nomes e os seus esforzos creativos para dar lugar a esta proposta. Aldaolado é un proxecto artístico orientado á poesía escénica, co que conseguiron facer do recital un acto atractivo, próximo e divertido para todo tipo de público, mesmo para aquel que nunca leu poesía. A súa espontaneidade e complicidade en directo é a base sobre a que crearon case unha ducia de espectáculos. Con eles actuaron en centos de escenarios do máis variado, tanto en Galiza como máis aló das nosas fronteiras.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
BOA				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Teatro #2PILGRIMS para institutos		
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	18/11/2021 / 18/11/2021		
<b>nº de horas</b>	3		
<b>nº de participantes</b>			
<b>HOMES</b>	138		
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="130"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	155		
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="140"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto		
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>			
<p>A Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller de Pontevedra organizaron, no marco do programa de actividades conmemorativo do 25 de NOVEMBRO, un pase especial para alumnado de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional dos centros educativos do concello da obra de teatro #2Pilgrims (Redrum Teatro) seguido dun coloquio co equipo artístico, Sheila Fariña e Guillermo Carbajo.</p> <p>O acto, que presentou a concelleira de Igualdade, Yoya Blanco, tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra este xoves 18 de novembro ás 11.00 e nel participaron uns 270 alumnos e alumnas dos IES Sánchez Cantón, A Xunqueira I, Luis Seoane e Frei Martín Sarmiento.</p> <p>A peza teatral, especialmente enfocada ao público adolescente co fin de concienciar, educar en igualdade e inculcar valores que preveñan a violencia de xénero, reflexionando sobre feminismo, os modelos de masculinidade e a importancia actual das redes sociais, foi un rotundo éxito entre o alumnado e o profesorado asistente, o que motivou que, tralo coloquio posterior ao pase da obra, o elenco protagonista pechou a función asinando autógrafos.</p>			
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>			
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>			
Moi boa			
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>			
Moi boa			

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	CAMPAÑA GRAFICA 25N "VOUCHE DAR ONDE MAIS DOE"			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	10/11/2021 / 03/12/2021			
<b>nº de horas</b>	552			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Baixo o lema Vouche dar onde máis doe, a lona que penderá durante o mes de novembro no Consistorio centra a súa contudente mensaxe na loita contra a violencia vicaria. O alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores; o tenente de alcalde, Tino Fernández, e a concelleira de Igualdade, Yoya Blanco, presidiron esta mañá no balcón da Casa Consistorial o despregue da pancarta confeccionada polo Concello de Pontevedra e o Centro de Información ás Mulleres (CIM) co gallo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. No acto tamén participaron a concelleira de Protección Cidadá, Eva Villaverde; o voceiro do Grupo Municipal do PP, Rafael Domínguez; a concelleira popular Silvia Junco; a directora do CIM, Rosa Campos, e a axente de Igualdade Mercedes Renda.</p> <p>A contudente mensaxe, plasmada a nivel creativo pola artista Tania Solla, visibilizouse graficamente nas rúas da cidade e os centros sociais das parroquias a través de mupis e cartelería, así como do despregue da pancarta no balcón da Casa Consistorial</p> <p>En total colocáronse 33 mupis e 200 carteis por todo o concello xunto coa lona xigante da Casa Consistorial e 30 lonas colgantes nos centros sociais das parroquias rurais.</p> <p>Ademais, promoveuse a través de redes sociais o emprego da imaxe da campaña como fotos de perfil.</p> <p>A campaña reforzouse tamén co reparto de libretas e mochilas conmemorativas do 25N</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	CICLO DE FORMACIÓNS EN CENTROS DE ENSINO			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	08/11/2021 / 01/12/2021			
<b>nº de horas</b>	0			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>ACTIVIDADES EN CENTROS DE ENSINO SECUNDARIO DE PONTEVEDRA:  NEE BARROS, ESCRITOR E ACTIVISTA LGBT, ACTIVIDADES FORMATIVAS A PARTIR DA SÚA OBRA XUVENIL; IDENTIDADE.</p> <p>Esta actividade enmárcase dentro do ciclo de formacións en ESO, BACH e FP: TRANSFORMANDO O MUNDO</p> <p>Sesións realizadas: 29</p> <p>Os centros que participaron nesta actividade foron os seguintes:</p> <p>IES TORRENTE BALLESTER- Catro grupos de 4º da ESO  Luns 8 e martes 9 de novembro  Grupo 1: 11 rapaces e 12 rapazas  Grupo 2: 17 rapaces e 9 rapazas  Grupo 3: 10 rapaces e 14 rapazas  Grupo 4: 15 rapaces e 8 rapazas</p> <p>IES SÁNCHEZ CANTÓN- Catro grupos de 4º da ESO e unha sesión en biblioteca  Martes 16 e martes 23 de novembro  Grupo 1: 18 rapaces e 12 rapazas  Grupo 2: 16 rapaces e 14 rapazas  Grupo 3: 10 rapaces e 18 rapazas  Grupo 4: 15 rapaces e 14 rapazas  Sesión biblioteca: 6 rapaces e 13 rapazas</p> <p>CIFP A XUNQUEIRA- Seis grupos: 1º E 2º de Intergración Social, 1º e 2º de Igualdade e 1º e 2º de Persoas en Situación de Dependencia  Xoves 25 de novembro e xoves 2 de decembro  Grupo 1: 3 rapaces e 30 rapazas  Grupo 2: 4 rapaces e 33 rapazas  Grupo 3: 3 rapaces e 20 rapazas  Grupo 4: 4 rapaces e 10 rapazas  Grupo 5: 1 rapaces e 19 rapazas  Grupo 6: 2 rapaces e 18 rapazas</p> <p>IES FREI MARTÍN SARMIENTO- Tres grupos: 4º ESO  Venres 26 de novembro  Grupo 1: 12 rapaces e 13 rapazas  Grupo 2: 16 rapaces e 13 rapazas  Grupo 2: 15 rapaces e 11 rapazas</p> <p>IES VALLE INCLÁN- Dous grupos: 4º ESO  Mércores 24 e venres 26 de novembro  Grupo 1: 18 rapaces e 12 rapazas Grupo 2: 16 rapaces e 14 rapazas</p> <p>IES XUNQUEIRA 1- Dous sesións co grupo do club de lectura LGBT e Igualdade (con alumnado de 1º ESO ata 1º BACH  Martes 23</p>				

Grupo : 12 rapaces e 20 rapazas  
IES LUIS SEOANE- Tres grupos: 2º ESO+ Grupo Neofem  
Martes 30 de novembro  
Grupo 1: 19 rapaces e 12 rapazas  
Grupo 2: 15 rapaces e 14 rapazas  
Grupo 2: 15 rapaces e 12 rapazas  
EPA RÍO LEREZ- Catro grupos: 3º e 4º Eso e 1º BAC  
Xoves 25 de novembro e mércores 1 de decembro  
Grupo 1: 8 rapaces e 6 rapazas  
Grupo 2: 7 rapaces e 6 rapazas  
Grupo 2: 6 rapaces e 9 rapazas  
O promedio de duración de formación diario de cada grupo foi de unha hora e trinta minutos, polo que a actividade tivo unha duración total de setenta e tres horas e trinta minutos. Nesta actividade formativa participaron 294 rapaces e 386 rapazas.

**VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA**

**DA ENTIDADE ORGANIZADORA**

Moi boa

**DO PÚBLICO ASISTENTE**

Moi boa



<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Presentación do Programa de actividades co gallo do 25N			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	08/11/2021 / 08/11/2021			
<b>nº de horas</b>	1			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Pontevedra centrará a súa programación polo 25N, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en denunciar a violencia vicaria que sofren as mulleres a través das súas crianzas.</p> <p>Acordaraste toda a vida!, Vaste enterar!, A culpa é túa!, Mala nai! Vouche dar onde máis doe!. A violencia vicaria é unha das expresións máis crueis e brutais do terrorismo machista. Concienciar á sociedade sobre este ensañamento e coacción que se exerce contra as mulleres, en moitos casos con consecuencias mortais, e reivindicar a necesidade de plantarlle cara son os principais obxectivos da campaña impulsada pola Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.</p> <p>A contundente mensaxe, plasmada a nivel creativo pola artista Tania Solla, visibilizarase graficamente nas rúas da cidade e os centros sociais das parroquias a través de mupis e cartelería, así como do despregue dunha pancarta no balcón da Casa Consistorial este mércores 10 de novembro ás 10:30 horas.</p> <p>O programa da campaña, que foi presentada o luns 8/11 na Sala de Prensa do Teatro Principal nun acto no que participaron a concelleira de Igualdade, Yoya Blanco; a directora do CIM, Rosa Campos, e a axente de Igualdade Mercedes Renda, contempla a celebración dun Faladoiro sobre Violencia Vicaria, que terá lugar o mércores 24 de novembro ás 19:00 horas na Casa das Campás, e a lectura do manifesto do Concello no Pleno ordinario deste mes (22 de novembro) e no acto de Violencia Zero organizado pola Deputación Provincial o 25 de novembro, que correrá a cargo da filla dunha vítima de violencia de xénero.</p> <p>Tal e como avanzou a edil socialista, a dramaturxia terá este ano moito protagonismo, xa que o Principal será o xoves 18 de novembro pola mañá escenario dun pase da obra de teatro #2Pilgrims, de Redum Teatro (con Sheyla Fariña e Guillermo Carbajo), e dun coloquio posterior, destinado a institutos de Pontevedra (abrirase ao público en xeral no caso de que sobren butacas); e o martes 23 de novembro ás 21:00 horas doutro pase gratuíto da obra Invisibles, da mesma compañía teatral, gañadora de tres Premios de Teatro María Casares.</p> <p>O programa complétase cunha exposición fotográfica do obradoiro Namórate de Ti en 16 comercios situados nas rúas Castelao e Cruz Gallástegui o venres 12 de novembro e un Curso de Autodefensa para mulleres que se desenvolverá o sábado 11 de decembro na Casa Azul en dúas sesións de mañá e tarde.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				

Boa

**DO PÚBLICO ASSISTENTE**

Boa

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	VERMU PINTO E MARAGOTA TRANSPIRANDO			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	06/11/2021 / 06/11/2021			
<b>nº de horas</b>	3			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Nesta sesión-vermú diversa O Rabelo combina o vello repertorio QQUE PRENDA A FAISCA e outros temas con pinceladas de traballo que está por vir, SUOR. ritmos hiphopeiros alternados coa tradición e rumbas experimentais. Un diálogo co público no que jhoubo improvisació, foliada e algo de perreo. Tivo lugar no espazo gastronómico do Mercado Municipal de Pontevedra. Música, regueira, reflexión e celebración da diversidade. Foron 89 persoas as asistentes a este evento, das que 59 foron mulleres e 30 homes.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa.				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Lavadeiras polo Día das Mulleres Rurais			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	24/10/2021 / 24/10/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	9			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	41			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>O Centro Social de Cerponzóns acolleu o domingo 24 de outubro ás 19:00 horas un acto lúdico e conmemorativo organizado pola Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais (que se celebrou o 15 de outubro). O público asistente desfrutou de balde dun pase do espectáculo Lavadeiras, da artista Vero Rilo, nunha actuación coa que se pretendía render homenaxe ás mulleres do rural e visibilizar que sostiveron e sosteñen en gran parte a vida dos pobos coas súas mans, e ao mesmo tempo, achegar a cultura ás parroquias e darlle tamén un pulo ao regreso á normalidade dos centros sociais do rural que retomaron a súa actividade o pasado 1 de outubro. O acceso ao acto foi libre e gratuíto para público adulto ata completar o aforo.</p> <p>Lavadeiras é un espectáculo onde a narración oral se mestura coa música ao vivo e o teatro para dar lugar a unha proposta que lles devolva ás donas dos ríos o recoñecemento que poucas veces tiveron. Pasando de camiño polo folclore, o humor, as historias reais e o cancionero popular, Vero Rilo achéganos unha actuación chea de emoción acompañada por Sonsoles Penadique no eido musical. Esta actuación céntrase na consideración histórica e social das mulleres coa finalidade de poñer en valor a súa figura como fundamental sostén económico, non só na casa, senón tamén co traballo profesional non recoñecido que tantas xeracións de galegas fan e fixeron ao longo da nosa historia.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Obradoiro Namórate de ti. Autoestima e empoderamento a			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	06/10/2021 / 14/10/2021			
<b>nº de horas</b>	12			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	11			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="1"/>	31-64 <input type="text" value="9"/>	>=65 <input type="text" value="1"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	So mulleres			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Tralo éxito das convocatorias anteriores, as concellerías de Igualdade e Promoción Económica, xunto co Centro de Información á Muller (CIM), volveron impulsar este ano unha nova edición do proxecto Namórate de Ti, un obradoiro dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade que ten por obxectivo que todas as participantes aprendan a quererse e valorarse a si mesmas utilizando a imaxe e a foto como ferramenta.</p> <p>Este taller gratuíto tivo lugar na Casa Azul os días 6, 7, 13 e 14 de outubro en horario de 10:00 a 13:00. As interesadas en participar podían inscribirse na plataforma apuntate.pontevedra.gal entre o 28 de setembro e o 5 de outubro.</p> <p>Dirixido principalmente a mulleres desempregadas, mulleres que precisan volver confiar en si mesmas e vítimas de violencia de xénero ou en perigo de exclusión social, ao longo de catro xornadas as orientadoras Tegra Gómez e Patricia Maqueira guiaron ás participantes para axudarlles a reforzar a súa autoestima e o autoconcepto que teñen de si mesmas, ao tempo que fomentaron a súa unión social e a cooperación grupal, a través da expresión corporal, verbal e escrita, incluíndo dinámicas de grupo, vídeos motivacionais e sesións fotográficas da posta en escena das mulleres.</p> <p>Os talleres de Namórate de Ti. Autoestima e empoderamento a través da fotografía tiveron o seu colofón, como na edición anterior, cunha exposición fotográfica nos escaparates de diversos establecementos comerciais de Pontevedra enmarcada dentro dos actos conmemorativos organizados pola Concellería de Igualdade e o CIM con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Cinefórum sobre Explotación Sexual "Benvidas ao Club"			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	23/09/2021 / 23/09/2021			
<b>nº de horas</b>	3			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	2			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	28			
<b>por idade</b>	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, a Concellería de Igualdade celebrou o 23 de setembro un cinefórum co obxectivo de concienciar e denunciar o inferno que sofren as mulleres en todo o mundo e que supón unha das formas de violencia machista máis extrema.</p> <p>Como en anos anteriores, nos que contamos con Mabel Lozano, este ano celebramos un novo evento no Teatro Principal no que visionamos o documental Benvidas ao club da lucense Carmen PG Granxeiro e posteriormente fixemos un coloquio moderado pola directora do CIM, Rosa Campos, no que participaron a directora da obra, unha representante da asociación Impunidade Carioca e a Mestra da UNED en Pontevedra Milagros Lores Torres (Doutora en Filoloxía e Master en Educación de Xénero e Políticas de Igualdade)</p> <p>Debido ás medidas hixiénico-sanitarias derivadas da crise da Covid-19, o aforo estivo limitado, polo que para poder asistir ao Teatro Principal, foi precisa a inscrición previa a través da plataforma apuntate.pontevedra.gal (aberta ata o 22 de setembro)</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Concentración de repulsa por asasinato de violencia machista			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	17/09/2021 / 17/09/2021			
<b>nº de horas</b>	0			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	58			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	73			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>O Concello de Pontevedra convocou ao persoal municipal e a toda a cidadanía a unha concentración de repulsa polo asasinato machista de Mónica Martos perpetrado o 16 de setembro na cidade da Coruña. Celebrouse ás 10.30h na porta do Concello (R/ Michelena, 30). Participaron representantes das distintas forzas políticas do Concello de Pontevedra e da Deputación Provincial.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Encontro DIÁLOGOS NA DIVERSIDADE			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	29/06/2021 / 29/06/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	5			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	10			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>DIÁLOGOS NA DIVERSIDADE. Unha ollada aos dereitos LGBTIQA+ no panorama internacional e no ámbito laboral. Encontro con Fito Ferreiro, activista LGBTIQA+ e Ada Otero, coordinadora do Centro de Información á Diversidade e Sexualidade (CIDES) de Pontevedra, arredor da protección legal en situacións de acoso e discriminación por orientación sexual.</p> <p>Asistentes: O máximo aforo permitido: 15 persoas: 10 mulleres e 5 homes</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Boa				



<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	VERMÚS PINTO E MARAGOTA. Noite de cabaret no Mercado!			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	26/06/2021 / 26/06/2021			
<b>nº de horas</b>	3			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	35			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	52			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>VERMÚS PINTO E MARAGOTA. Noite de cabaret no Mercado!  Música, baile, monólogos pola diversidade: Outras formas de ser e de amar para celebrar o Orgullo LGBT.  A noite do Mercado encheuse de cores e converteuse no escenario improvisado dun Cabaret incandescente, atrevido e irreverente no que nada é o que parece. Música, baile, humor e sensualidade para celebrar a diversidade e o orgullo LGBTIQA+ da man das artistas de Marinita y sus Maromas  Asistentes: 87 persoas: 52 mulleres e 35 homes. Público adulto.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Arreglos florais ORGULLO 2021			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	25/06/2021 / 09/07/2021			
<b>nº de horas</b>	360			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Unha bandeira LGBTIQA+ formada con buxos multicolor na Praza de Ourense e unha suxerente composición cun photocall no que pode lerse o lema Para gustos, cores. Para xardíns, flores, unha bicicleta e varios cestos con flores de cores na Praza de España conforman as suxerentes intervencións artísticas instaladas pola Concellería de Desenvolvemento Sostible e Medio Natural para conmemorar o Orgullo 2021. Con estes chamativos arranxos florais, nos que moitos pontevedreses e turistas xa comezaron a facerse fotos durante toda a mañá, o proxecto Xardíns que Falan, impulsado polo departamento que dirixe Iván Puentes, súmase por segundo ano consecutivo ao programa deseñado pola Concellería de Igualdade para visibilizar con mensaxes e coas cores do arco da vella as reivindicacións do colectivo LGBTIQA.</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Instalación artística LETRAS COLORIDAS			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	23/06/2021 / 23/07/2021			
<b>nº de horas</b>	720			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	0			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
<b>DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE</b>				
<p>Deseño, produción e colocación de instalación artística contemporánea para o balcón da Casa Consistorial. Unha chamada de atención estética co protagonismo das letras que forman parte do colectivo LGBTIQA+ con iluminación</p> <p>Deseño, produción e colocación de cartelería ORGULLO 2021 LETRAS COLORIDAS: SOPA DE LETRAS (150 carteis papel estucado mate 4 tintas)</p> <p>Deseño de flyers dixitais para web, RSS e Banners.</p> <p>Deseño e produción de 1000 gorras ORGULLO 2021</p>				
<b>VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA</b>				
<b>DA ENTIDADE ORGANIZADORA</b>				
Moi boa				
<b>DO PÚBLICO ASISTENTE</b>				
Moi boa				

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	Encontro ORGULLO E MEMORIA			
<b>DATA INICIO / FINALIZACIÓN</b>	21/06/2021 / 21/06/2021			
<b>nº de horas</b>	2			
<b>nº de participantes</b>				
<b>HOMES</b>	6			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>MULLERES</b>	9			
<b>por idade</b>	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
<b>PÚBLICO OBXECTIVO</b>	Mixto			
